A POBRA DO CARAMIÑAL
CONCELLO

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN DO PLENO ORDINARIO PARA O DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2026

EXPEDIENTE: 3665/2026

JOSE CARLOS VIDAL SUAREZ (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 23/11/2026
HASH: caa256ce1a7010449ec79df7a77367ad

ADRIAN JUAN MÁRQUEZ CARAMES (2 para 2)
Secretario en réxime de acumulación
Data de Sinatura: 23/11/2026
HASH: 09efae1e9aeb377b4294646d3d453c194

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O concello de A Pobra do Caramiñal ten diversos asuntos que tratar en sesión do Pleno tendo en conta os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

SEGUNDO. Tendo en conta que no Pleno ordinario anterior celebrado o 6 de agosto de 2026, se acordou deixar sobre a mesa a deliberación e votación das mocións presentadas polo Partido Popular (puntos 13 e 14 da convocatoria plenaria para a dita sesión, xa ditaminadas polas correspondentes comisións informativas), inclúense na presente orde do día para o vindeiro pleno ordinario que se celebrará o 24 de setembro de 2026.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

— Os artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 77 a 90 do Real Decreto 2568/1986,de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

— Os artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outu1932bro, de Réxime Xurídico do Sector Publico.

— A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De conformidade cos artigos 21.1.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ao Alcalde ou Presidente convocar todas as sesións do Pleno.

SEGUNDA. É necesario sinalar que, de conformidade co artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as sesións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación á data da súa celebración.

A orde do día defínese como a relación detallada dos asuntos a tratar durante as sesións. Devanditos asuntos deben ser previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda. Así mesmo, na orde do día dunha sesión ordinaria deberá incluírse os borradores das Actas das sesións anteriores que deban ser aprobados.

Cod. Validación: 3JZ3LZR7WCF4CGNGN4RL9D6PZ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 44 do Regulamento orgánico municipal **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Convocar sesión **ORDINARIA** do **PLENO** para:

Día: 26/11/2026
Hora: 12:00 horas
Lugar: Salón de plenos da Casa do Concello.

Coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES (24 de setembro e 4 novembro de 2026).
2. DAR CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA E ASUNTOS VARIOS.
3. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL 3º TRIMESTRE ANO 2026.
4. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PMP CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE ANO 2026.
5. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN NORMATIVA MOROSIDADE 3º TRIMESTRE ANO 2026.
6. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO O COSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS ANO 2025.
7. DAR CONTA DE INFORMES DE REPAROS 2026.
8. PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA PARTICIPAR NO POS+ADICIONAL 4/2026 PARA GASTOS CORRENTES, REDUCIÓN DE DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.
9. PROPOSTA DE ALCALDÍA DESESTIMACIÓN AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR ANGELA GONZÁLEZ GARCÍA, EN RELACIÓN CUN CAMIÑO MUNICIPAL SITO NO LUGAR DE CAMPO-AMGUSTIA.
10. PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE DE POSICIONAMENTO CLARO EN DEFENSA DO FEMINISMO, DOS DEREITOS DAS MULLERES E DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DE IGUALDADE.

DECRETO Número: 2026-1275 Data: 23/11/2026

Cod. Validación: 3JZ3LZR7WCF4CGNGN4RL9D6PZ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

11. MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA AO INCUMPRIMENTO DA EMPRESA MONBUS DAS NOVAS CONDICIÓNS CONTRACTUAIS NO TRANSPORTE ESCOLAR DA COMARCA DO BARBANZA.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA AO APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR DA LINGUA VITAL PARA REVERTER A EMERXENCIA LINGÜÍSTICA.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á POLÍTICA DE VIVENDA.

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, RELATIVA Á CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA S MULLERES.

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA ESIXIR Á APLICACIÓN DO IVE 0% AOS PRODUTOS DE HIXIENE ÍNTIMA FEMININA E COMBATER A POBREZA MENSTRUAL.

17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA MAIOR DILIXENCIA NA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DESTINADOS AOS CONCELLOS E COHERENCIA NO FINANCIAMENTO LOCAL.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1. ROGOS E PREGUNTAS.

SEGUNDO. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no portal de transparencia apobra.sedelectronica.es, dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.

Cod. Validación: 3JZ3LZR7WCF4CGNGN4RL9D6PZ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

CUARTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Na Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital,

O alcalde,

José Carlos Vidal Suárez

O secretario en réxime de acumulación,

Adrián J. Márquez Caramés

Cod. Validación: 3JZ3LZR7WCF4CGNGN4RL9D6PZ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4